

RETRATO DUNHA MULLER DE ALONGOS

Pano á cabeza,
pelo cano,
saia,
bata,
mandil.
Calzada con «chirucas».

Muller serodia que laboura,
fala.
Mans artrósicas arrincando os grilos das patacas no mingunte.

Allos na horta,
allos na mesa,
codias de pan.

Alcender o lume na cheminea.
Salón — cociña — comedor
Cinsa para as cepas.

Ao fio,
coller o traspaso dun negocio
para que o Pepe non faga máis o xantar.
Ofelia
¡Éramos felices!

Muller costureira.
A máquina de coser á cabeza.
Muller cociñeira
O caldo de verza galega
verde coma os eidos.

«Deus conserve as maus que figo este caldo!»

Lévao no sangue.

Mercar toda novidade:
A primeira cociña de butano.
Pasma o da televisión.

Labrega...
RECICLADA.

A piques de rematar o século XX, codifíquese no ano de 1996 no epígrafe de ANÓNIMA. En Ourense. CD-ROM.